



[Fotos y video] Solidariedade Internacionalista coa Ucraína antifascista

MAR DE LUMES :: 21/09/2014

Imágenes de la concentración antifascista y solidaria con Donbas celebrada en Vigo

Mentres en Minsk, Rusia e a OSCE acordaban onte, 19 de setembro, unha retirada das tropas das fronteiras de Donetsk e Lugansk, desde Mar de Lumes - Comité Galego de Solidariedade Internacionalista, coa colaboración da Liga Estudantil Galega, chamamos diversos colectivos sociais, políticos e sindicais a unha concentración en **denuncia das agresións fascistas contra a autoproclamada Novorossia como parte dun ataque maior**, de carácter imperialista, centrado sobre Rusia e co pano de fondo do fin da unipolaridade do mundo.

A concentración, como acto final das xornadas de solidariedade co Donbass organizadas en Vigo, que incluían tamén [unha palestra na librería Andel da cidade](#), reuniu unhas cen persoas e colectivos baixo o lema central "**Solidariedade Internacionalista coa Ucraína Antifascista**" e palabras de orde como "Imperialismo fora da Ucraína", "Non son pro-rusos, son antifascistas" ou "Unión Europea, unión imperialista".

<https://galiza.lahaine.org/fotos-solidariedade-internacionalista-coa-ucraina>